
Alexandre Rodríguez Guerra (ed.), *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*, Vigo, Universidade de Vigo, 2016.

Data de recepción: 02/10/2018 | Data de aceptación: 01/11/2018

O traballo *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico* foi dado a lume no ano 2016 so a edición de Alexandre Rodríguez Guerra, profesor da Universidade de Vigo (UdV). A obra está conformada polas contribucións dun conxunto de investigadores vinculados ao ámbito académico galego, tanto da UdV como da Universidade de Santiago (USC) e da Universidade da Coruña (UdC), reunidos para trataren temas relacionados coa lingua galega a través da lingüística histórica e a dialectoloxía, e así contribuíren, en liña con outras publicacións, para o enriquecemento do estudo científico sobre o idioma galego e o proceso de mudanza lingüística. É por isto que os catorce artigos que conforman esta obra se organizan en cinco capítulos: variación lingüística no tempo e no espazo; variación fonética, sintáctica e escriptolóxica; variación morfolóxica; variación léxica; e, por último, ecdótica e dialectoloxía.

En primeiro lugar, o artigo que dá comezo á obra é “Variación lingüística, dialectoloxía e gramática histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e portugués”, de Xosé Luís Regueira, axente do Instituto da Lingua Galega (ILG) e da USC. O autor aborda a cuestión relativa á crise en que se encontra a lingüística histórica (e, en particular, a lingüística románica) como disciplina científica, causada pola súa «fragmentación [...] en diferentes campos de interese» e a «mudanza de perspectiva tanto nos obxectivos da investigación como nos métodos, e sobre todo na concepción da lingua» (páx. 19). Para alén desas razóns, Regueira alega que os obxectivos iniciais da disciplina xa foron cumpridos e que agora, motivada polos avances nos métodos da sociolingüística, pasou de estar focada no estudo das “linguas nacionais” con estándar escrito sobre grandes extensións temporais para se centrar nas linguas faladas sen norma escrita e sobre períodos máis breves. Por isto é que pode ser estudado o proceso de mudanza lingüística do galego, para o que vira moito útil a comparación coas variedades portuguesas. Así, Regueira elabora unha interesante comparación entre as variedades de aquí e alén Miño intitulada “Do sistema ás persoas”, en referencia á troca de perspectiva (do código á fala), e dividida en tres fenómenos significativos: a nasalización, as vogais pretónicas e as sibilantes. A partir dos resultados o autor conclúe con que «o estudo do código [...] non permite explicar a variación» e, por tanto, as linguas deben ser consideradas «como conxuntos de variedades faladas por grupos humanos en diferentes situacións» (páx. 33) para así poder estudar con éxito a mudanza lingüística.

A seguir, Xulio Sousa (ILG/USC) presenta “A xeolingüística e o estudo da historia das linguas”, un traballo en que fala sobre «a interacción entre os estudos históricos e os estudos espaciais» (páx. 35) para a análise das linguas, unha combinación posíbel grazas ás melloras nas ferramentas e nos métodos de documentación. Un destes novos instrumentos foron os atlas lingüísticos, resultado dos proxectos de xeografía lingüística, para revelaren unha imaxe da variación nun determinado dominio ou área lingüística. Ao mesmo tempo, existen variantes como os atlas lingüísticos históricos (máis escasos), en que é recollida unha imaxe conformada con datos extraídos de textos localizados nun período temporal concreto; e, tamén, os atlas onomásticos, con información sobre a distribución de nomes propios ou de lugar. En definitiva, como ben afirma Sousa, estes atlas son «fontes de datos de extraordinario valor para a [...] investigación sobre a historia dos cambios lingüísticos» (páx. 41) ao posibilitaren a realización de análises desde unha perspectiva diacrónica sobre unha imaxe sincrónica da lingua. En contraposición a este estudos, denominados de “tempo real”, están aqueloutros que analizan a un tempo falantes de distintas idades para inferir posíbeis mudanzas en andamento (i.e., en “tempo aparente”). Na conclusión, o autor abre a posibilidade da existencia dunha dialectoloxía histórica como resultado da sinerxía entre os estudos de lingüística histórica e espacial.

O terceiro artigo da obra é “A dialectoloxía valega na lingüística histórica galega”, de Xosé-Henrique Costas González (UdV), en que o autor trae á análise as características das falas do val do río Ellas ou de Xálima, coñecidas como valego ou xalimego. En concreto, Henrique Costas analiza a situación do son africado prepalatal sonoro [dʒ] (un fenómeno moito valioso conservado aínda nas variedades mañega e lagarteira) e da éncise pronominal tras participio con tempos compostos e perífrases. Sobre o primeiro caso, após revisar certas particularidades do sistema de sibilantes do galego-portugués, o autor chega a concluír, en liña coas hipóteses doutros investigadores, que «con esa reliquia fonética parece demostrarse que si debeu existir o fonema africado prepalatal sonoro como correlato do /tʃ/, que foi neutralizado e absorbido por /ʒ/» (páx. 56), ficando fixado en posición interior de palabra tras nasal. Pola outra parte, non menos interesantes son as conclusións acerca do outro fenómeno, pois Henrique Costas afirma que a particularidade de os pronomes átonos de P3 de CD (*o/os, a/as*) poderen aparecer en posición enclítica nas tres formas non finitas dos verbos (infinitivo, participio ou xerundio) «non ten a súa orixe no castelán» e mesmo «non sería unha loucura buscarlle unha orixe común» co galego (páx. 62), por existiren casos semellantes nas variedades da Galiza.

En cuarto lugar, “O ditongo [oj] e as súas variantes na lingua medieval. Intento de caracterización dialectal” é asinado por Eduardo Moscoso Mato (ILG/USC). Neste

artigo o autor trata a cuestión da variación nas solucións dos grupos cultos latinos comparando o estado actual, extraendo os datos do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), coa información que o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) achega sobre o galego medieval. En concreto, Moscoso Mato analiza os resultados dos grupos -ÜLT-, -ÜKT-, -ÖKT-, -ÖRI-, -ÖRĪ- e -ÖI-, mais advirte que «con esta forma de proceder hai que tomar con cautela as conclusións» (páx. 67) dadas as limitacións que estes métodos comparativos teñen. Finalmente, após unha reveladora comparación entre mapas actuais e mapas medievais, o autor chega ás seguintes conclusións sobre as solucións dos grupos cultos no galego medieval: predominancia das formas -oi- por todo o territorio, en comparación con -ui-, solución menos abundante e cunha localización máis precisa (zona tudense e mindoniense, Ribeira Sacra, Santiago etc.); presenza con carácter xeral de -oi- nas zonas de -ui-; certas coincidencias entre a localización actual e a medieval de -ui- (Tui, Ribeiro, Mondoñedo); aparente resistencia á aparición de -oi- na zona de Trives; necesaria cautela coas grafías porque poden responder a costumes latinos; e alternancia entre -oi- e -ui- noutros casos, como *substituito/substitoito* ou *juiço/joiço*.

Inmediatamente a seguir vén o traballo de Xulián Maure Rivas, Director do Instituto de Estudos Miñoráns, “Por que unha escriptoloxía da lingua galega hoxe?”, onde o autor comeza introducindo a disciplina da escriptoloxía a partir dos posicionamentos de Théodore Gossen, Hans Goebel, Anthonij Dees e Martin-Dietrich Glessgen. En síntese, sen profundarmos no debate entre estes autores, ficamos coa idea de a escriptoloxía consistir no estudo «da evolución e das estruturas ortográficas medievais (*scriptæ*) durante o período anterior á súa normalización baixo a hexemonía sociolingüística dunha ortografía preponderante» (páx. 84). A seguir, Maure Rivas aplica o coñecemento desta disciplina ao caso galego para expor unhas notas a favor dos grafemas <ñ> e <ll> como representación dos fonemas palatais /ɲ/ e /ʎ/ durante a Idade Media, de que achega casos como *fillo*, *muller*, *miña* e *señor* localizados en documentos de 1274 e 1319. A motivación do autor é para lexitimar estes dous grafemas fronte á utilización de <nh> e <lh> por sectores que hoxe «padecen militancia ortográfica» (páx. 90). Alén diso, M. Rivas acaba concluíndo que a escriptoloxía, embora estea pensada para as linguas de antes dos estándares, serviría «para comprender a orixe e deriva das heterografías presentes [...] no galego dos ss. XX e XXI» (páx. 94), como a do par *Galicia/Galiza*, en que a segunda opción é utilizada como instrumento de identificación ideolóxica, segundo o autor.

Polo seu lado, Rosario Álvarez (ILG/USC) asina “Diacronía e diatopía. Achega á variación morfolóxica no diminutivo en galego”, un artigo en que analiza as formacións con -iñ- (lat. -IN-US, -IN-A, -IN-UM) e a progresiva instalación da variante -ciñ-, con /θ/ en galego e /z/ en portugués. Segundo a autora, esta segunda variante está «avanzando cara ao norte, onde resisten as formas tradicionais sen o incremento

consonántico» (páx. 107), e non ao contrario. Un outro dato interesante é que xa no latín había exemplos dese incremento en casos como nos diminutivos -ĒLLUS-, -ĒLLAS-, -ĒLLUM- e -CĒLLUS-, -CĒLLAS-, -CĒLLUM- (de aí a existencia de topónimos como *Portocelo*), que poden deitar luz sobre a existencia temperá de *-ciñ-*. Esta variante tería comezado tras nasal, para despois se xeneralizar e aparecer noutros contextos: tras ditongo, tras vogal tónica e tras líquida. No caso do portugués, en troca, a autora afirma que a evolución de *-ciñ-* foi maior e cun ritmo máis acelerado. Alén diso, Rosario Álvarez asegura que nas variedades portuguesas existe un outro «sistema concorrente, innovador, orixinado ao longo da Idade Media como unha característica propia do portugués, fóra do territorio constitutivo do galego-portugués» (páx. 116), no cal se emprega *-zinh-* sobre unha base xa flexionada, resultando nunha forma con dobre flexión (e.g., *pedraszinhas*).

En sétimo lugar vén “As notas sobre variación lingüística dalgunhas formas verbais de pretérito nas cantigas galego-portuguesas (*aver, fazer, pøer, querer*)”, un traballo de Manuel Ferreiro, do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) da UdC. A análise parte dos resultados de pretérito para o verbo HABĒRE, que deron como norma xeral a raíz *houv-/houb-*, á par doutras alternativas con perda de /β/ intervocálico «nun proceso que non chegou a xeneralizarse mais que deixou bastantes resultados» (páx. 120). Posteriormente, teríase dado unha evolución vocálica redutora (*houvera > houera > hoera*) como noutros verbos (AUDIRE > *ouir > oir*). Alén diso, Ferreiro analiza exhaustivamente as diversas posibilidades evolutivas dos pretéritos fortes de *fazer, pøer, querer* (e *mãer*) conforme o resultado de -Ī final latino da P1: con desaparición (FĒCT > *fiz*), con palatalización da sibilante final e manutención do -Ī final (QUEST > *quize*), ou con manutención da vogal final sen palatalización (POSUI > *puse*). Aliás, o autor explica o desenvolvemento da desinencia *-o* na P3 dos pretéritos fortes, un «recurso morfolóxico [...] que foi utilizado polos trobadores cunha obvia funcionalidade métrica» (páx. 133) e que tivo maior presenza nos textos galegos. No entanto, dada a variación característica da lingua das cantigas, Ferreiro esclarece que non parece haber relación entre a escolla das formas e a orixe galega ou portuguesa do trobador, a cronoloxía ou a adscrición xenérica dos textos.

Máis un traballo é o Ramón Mariño Paz (ILG/USC), intitulado “Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino -TE (P5 do imperativo)”. En primeiro lugar, o autor comeza caracterizando a situación medieval, marcada polo predominio da variante *-de* (*amade, creede*) e a existencia doutras alternativas como a perda do /d/ intervocálico, a terminación *-nde*, a variante con *-i* final ou, tamén, acabada en *-d*. Porén, sorprendente que no galego medio, como demostra o autor, a síncope de /d/ secundario (nomeadamente coa variante en *-i* [*contai, sabeí*], embora sexa posíbel só na CI e C2) virase maioritaria ao expe-

rimentar «nestoutro tempo un intenso proceso de difusión paragonable co que simultaneamente se produciu nos resultados de -rīs» (páx. 143). Despois, Mariño Paz chega á etapa contemporánea do galego, en que outra vez é predominante a variante *-de*, en tendencia expansiva sobre as outras posibilidades, aínda existentes. Así mesmo, para maior pormenor, o autor revisa tamén a presenza das variantes na tradición gramatical galega e na lingua escrita desde o século XIX, de onde tira conclusións acerca da ostensíbel «primacía de *-de* [...], o devalo de ‘cero’ [...] e a notable visibilidade de *-i*» (páx. 156). En síntese, Mariño Paz demostra que a variante do SNP latino *-TE* para a P5 do Imperativo máis frecuente na lingua galega é *-de*, seguida da variante *-i*, aínda hoxe bastante presente e a partillar espazos con aquela outra posibilidade.

En “A terminación da P5 *-ndes*”, Aquilino Iglesias Alonso Núñez (UdV) vén a defender que as formas con esta variante son «formas híbridas xeradas polo encontro nun mesmo territorio entre as variantes do tipo *cantades* [...] e as do tipo *cantais*» (páx. 163). Para realizar o estudo, o autor emprega a fala característica de Castrelo do Val, lugar da área oriental do bloque central. Nestas falas a P5 que non é de pretérito nin de imperativo represéntase nomeadamente con *-is* (*cantais*) ou *-ndes* (*amandes*), mais tamén, en menor frecuencia, con *-des* (*amades*) ou *-ides* (*amaides*). Segundo o autor, alí onde existen formas con *-ndes* debeu haber un proceso en que se mesturaron as variantes *-is* e *-des*, tendo como resultado *-ides*, para despois experimentar unha resonancia nasal *-indes* (e.g., *cantaides* > *cantaindes*) e, finalmente, unha redución vocálica (*cantandes*). Para soste esta hipótese, Alonso Núñez acode á forma documentada no portugués *-ãides* e, alén doutros fenómenos de interese (como as formas verbais *cantein* ou *cantarein*), á evolución de *FILICTUM* no galego de Castrelo do Val, que deu a solución *fento* após unha posíbel evolución *feito* > *feinto* > *feinto* (ou *fiento*) > *fento*. No entanto, embora teña fornecido probas ben fundamentadas para defender a idea inicial, o autor amósase cauteloso ao considerar «que a lingüística galega debe seguir investigando sobre a orixe das variantes tratadas neste estudo» (páx. 173).

No caso de “Notas de morfoloxía verbal”, Francisco Fernández Rei (ILG/USC) principia comentando as orixes do *Atlas Lingüística Galego* (ALGa), de que fixo parte con outros investigadores da lingua galega. Desde a súa experiencia cóntanos que o proceso de recollida levado a cabo entre 1974 e 1976 non foi doado, debido a que o «simple feito de falar galego coa xente e andar a preguntar termos do noso patrimonio material e inmaterial [...] era motivo de sospeita para as autoridades españolas do momento» (páx. 180). Aliás, o autor explica como foi a evolución metodolóxica para a realización dos distintos volumes, desde os métodos artesanais do ALGa I (1990) até o III (1999), a partir do cal xa todo foi realizado por computador. A pesar das data en que saíu do prelo a primeira edición, os materiais xa estaban

recollidos desde antes e serviron de base fundamental para as distintas propostas normativizadoras que para a lingua galega se presentaron entre os anos 70 e 80 até as definitivas normas elaboradas entre o ILG e a Real Academia Galega (RAG), de 1982. Alén diso, Fernández Rei fai unha valiosa exposición sobre as variantes manexadas para certos verbos durante o proceso de codificación, «como mostra da inmensa variación morfolóxica do verbo galego moderno» (páx. 187).

O décimo artigo recollido na obra é de Manuel González González (USC), quen asina “A que responden os nomes das plantas? Algunhas denominacións románicas da *Centaurea cyanus*”. O autor introduce a cuestión da dialectoloxía motivacional, unha nova metodoloxía de análise dentro dos estudos de dialectoloxía léxica con enfoque diacrónico que está fundamentada na premisa de que a «creación dun nome ten case sempre unha motivación» baseada as máis das veces «nun trazo compoñente da definición conceptual do significado» (páx. 198). Pois ben, a partir disto González analiza as motivacións dos distintos nomes que a *Centaurea cyanus* ten nas linguas románicas. Para isto, o autor sinala seis aspectos fundamentais dos que derivan as distintas denominacións: a cor; características morfolóxicas; hábitat; propiedades terapéuticas; asociación a crenzas e supersticións; e a semellanza ou confusión con outras plantas. Con isto, González elabora unha descrición moito pormenorizada e interesante sobre os múltiples nomes que esta flor recibe; eis algúns exemplos en varias linguas segundo os aspectos citados: *fiore turchino* (it.), *cabezuela* (esp.), *granera* (esp.), *casse-lunettes* (oïl), *angelet* (cat.) e *cardofuso* (gal.).

Un outro estudo é “*Pulpo e polbo*. Voces motivadoras dunha fugaz controversia coas coordenadas diatópica e diacrónica como pano de fondo”, de Xavier Varela Barreiro (ILG/USC), sobre o conflito entre estas dúas solucións da base etimolóxica latina *POLYPUS*. En relación con isto, o autor cuestiona as actuacións da RAG porque é «evidente que [...] actúa con criterios distintos» (páx. 216) para aceptar e discriminar solucións, como proban as diferenzas entre *pulpo* e *Galiza*. Así, Varela Barreiro defende a galeguidade de *pulpo* revisando o arquivo de rexistros (actuais e históricos), das variedades *Octopus vulgaris* e *Eledone cirrhosa*, e cuestionando o dubidoso carácter patrimonial que coloca a RAG. Por medio dos mapas, o autor dá a ver que existe unha distribución fixada desde o galego medieval entre o norte de *pulpo* e o sur de *polbo*, con límite en Muxía. Aliás, compara este caso co do *Loligo vulgaris* e as formas *calamar* e *lura*, que gardan certas semellanzas con aqueloutro par. Finalmente, e tendo demostrado a temperá presenza da forma *pulpo* no norte da Galiza (non así no sur, onde debeu aparecer máis tarde e por influencia do castelán), Varela Barreiro afirma que non se debe «utilizar o concepto ‘patrimonial’ como causa do rexeitamento dunha variante como forma aceptable» (páx. 235) e, por tanto, a forma *pulpo* debería ser reconsiderada como forma galega, embora a patrimonialidade de *polbo* sexa ben máis clara.

A seguir, Xosé Manuel Sánchez Rei (ILLA/UdC) asina “A información dialectal nos cancioneros galegos oitocentistas: a importancia de Pérez Ballesteros e de Saco Arce”, onde revisa dúas compilacións de cantares populares desde a óptica da dialectoloxía filolóxica ou histórica. Serve esta para acceder a «unha fotografía relativamente precisa da oralidade galega da altura» (páx. 244), debido a que os cantares do século XIX eran pezas de orixe popular e coloquial, sen o teito dunha norma estándar e carentes de vontade artística. Con isto, a partir de *Literatura popular de Galicia* (Saco Arce, 1881) e *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña* (Pérez Ballesteros, 1885-1886), obras moito importantes por recollerem a localización xeográfica dos cantares, o autor elabora unha valiosa análise sobre diversos aspectos da lingua recollida (futuro de subxuntivo, erosión no léxico, interferencias etc.) e, tamén, sobre os comentarios de ambos os compiladores sobre as características fonético-prosódicas, morfolóxicas e lexicais. Por último, Sánchez Rei acrecenta unha apreciación sobre a orixe dos cantares en que afirma que «habrá que vincular, talvez, toda esa información lingüística ás súas principais transmisoras, ou sexa, ás mulleres [...] galegas da altura» (páx. 271), pois eran elas as que elaboraban e transmitían a lírica oral, en canto os homes realizaban tarefas como a transcripción, a edición ou, até, a censura.

Finalmente, o derradeiro estudo é “A *Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores* (BN 94 IL) e o seu antígrafo galego”, de José António Souto Cabo (USC). Este autor parte da *Chronica XXIV generalium Ordinis Minorum*, atribuída a Arnaud de Sarrant e concluída por volta de 1374. Desta pasa á versión galego-portuguesa que recolle o título deste artigo, probabelmente do século XV, sobre a que o investigador Joaquim Nunes pensaba que era arcaizante por presentar o participio en *-udo*, mais Souto Cabo, tras as comparacións lingüísticas pertinentes con textos galego-portugueses da altura, conclúe en que «a nososa obra pode ser qualificada máis como inovadora do que como conservadora» (páx. 276). A seguir, o autor elabora unha análise detallada dos trazos que caracterizan a versión galego-portuguesa, obtendo resultados que aproximan o texto ora ás variedades portuguesas, ora, e sobre todo, ás variedades galegas. En concreto, a respecto destas últimas, é unha ampla nómina de castelanismos, que poden demostrar a utilización dunha versión en castelán como base, e galeguismos o indicio que leva Souto Cabo a defender a hipótese dun probábel antígrafo elaborado na Galiza e despois levado a Portugal. Con isto, Souto Cabo conclúe que o «panorama literario galego da segunda metade do s. XV recupera [...] un testemunho perdido que nos permite atenuar, assim, o significado do adjectivo “exíguo” que o caracteriza” (páx. 293).

Como conclusión, debemos comentar que este volume intitulado *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*, editado polo profesor da UdV Alexandre Rodríguez Guerra, é un interesante traballo que abrangue os estudos

de varios especialistas do ámbito académico-universitario galego que colaboraron, máis unha vez, para o enriquecemento do coñecemento científico a respecto da lingua galega. Así pois, só nos resta dicir que esta obra é de referencia para aquelas persoas interesadas no proceso de mudanza lingüística, para quen quixer achar información, desde a perspectiva da dialectoloxía histórica, sobre diversas cuestións relacionadas co idioma galego.

Eliás Rodríguez Fernández